



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes  
Sección de Educación, Cultura e Deportes  
Expediente: 202000008134

## **RESOLUCIÓN Nº 29194 DO 29/09/2020 POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS DE INVESTIGACIÓN 2020-ÁREA DE CIENCIAS**

Don **Valentín González Formoso**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Por resolución da presidencia n.º 26272, do 04 de setembro de 2020, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas de investigación 2020-Área de ciencias e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se fora o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Comprobouse pola unidade xestora que no prazo de alegacións concedido Ana Cristina Hernández Santomé solicitou o detalle da súa puntuación no apartado de currículo académico, o que lle foi notificado con data 17/09/2020. Nesta data presentou un novo escrito de alegacións solicitando a revisión da súa puntuación, solicitando: a) que se revise novamente de forma detallada a valoración correspondente a congresos e coñecer si se validaron todos os respaldos entregados b) anexa a documentación, de poder ser validada, catro credenciais adicionais c) Que se valoren os dous adxuntos enviados o día 15/09/2020

Con data 23/09/2020 o tribunal emitiu informe no que explica: polo que respecta ao apartado "a", sí se tivo en conta a documentación que aporta dos 7 congresos, e as puntuacións reflectidas nese apartado son o resultado de ponderar en función dos méritos alegados por todas as persoas solicitantes, polo que non procede modificar a puntuación. Respecto o punto "b", na solicitude non se presentou a documentación acreditativa do mérito que se alega agora, polo que non pode ser tido en conta. Respecto o punto "c", a estadía en Granada sí se tivo en conta xa que se xustificou no seu momento na documentación inicial. A estadía en Portugal non se xustificou con anterioridade polo que non pode ser tida en conta.

Vistos os antecedentes sinalados, así como os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

### **RESOLVO:**

**1.- Desestimar** as alegacións presentadas por Ana Cristina Hernández Santomé

**2.- Conceder definitivamente** as bolsas ás seguintes persoas:

**Titular da bolsa:** GÓMEZ OJEA, REBECA

NIF: \*\*\*6989\*\*

Expediente: 2020000020225

Título do proxecto obxecto da bolsa: Estratexias sintéticas supramoleculares cara ao desenvolvemento de novos motivos helicoidais con aplicación en química biolóxica

Importe da bolsa: 8.000 €

**Titular da bolsa:** LOIS ALVEDRO, MARTA

NIF: \*\*\*8947\*\*

Expediente: 2020000020161

Título do proxecto obxecto da bolsa: Control de patóxenos de pemento en invernadoiro mediante a aplicación de PO212 e a fracción F10 do alpechín, e prospección da incidencia de *Verticillium dahliae*, *Phytophthora capsici* e o Virus do bronceado do tomate (TSWV) en explotacións de pemento de cooperativas da provincia da Coruña.

Importe da bolsa: 8.000 €

**Titular da bolsa:**MARTINEZ MATAMOROS, DIANA

NIF: \*\*\*\*2572\*

Expediente: 2020000020254

Título do proxecto obxecto da bolsa: Desenrolo de vacinas para peixes de acuicultura

Importe da bolsa: 8.000 €

**3.- Dispor o gasto** das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, fase A, operación nº 220200018508, por importe de 24.000 €.

**4.- Nomear suplentes** ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Suplente 1:Pacín Salvador, María Do Carme

Suplente 2:Hernández Santomé, Ana Cristina

Suplente 3:Colchón Pierna, Esther

Suplente 4:Veiga Rilo, Clara

**5.- Publicar** a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán optar por interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña, dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo. No seu caso, poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, e de conformidade co establecido no art. 46.4 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. No entanto, se o considera conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.